

MATRÍCULA CURSO 2016-2017

DOCUMENTACIÓN PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA

ANTIGOS ALUMNOS

- ▶ 2 copias da confirmación da reserva de matrícula realizada en liña, unha delas será selada e entregada ao alumno como resgardo de matrícula.
- ▶ Xustificante de pagamento, cos certificados de exención ou redución* (**ver nota 1**), se é o caso:
 - modelo E (autocopiativo en papel)
 - modelo AI (xerado electrónicamente)
 - modelo 730 (xerado desde a Oficina Virtual Tributaria)
- ▶ No caso de fraccionar o pagamento da matrícula certificado da conta bancaria, onde conste o IBAN e o titular da conta.
- ▶ Impreso de Conformidade de horarios e de Consentimento do uso de imaxes, asinado.

ALUMNOS NOVOS

O alumnado de novo acceso deberá presentar, ademais do anterior, a seguinte documentación:

- ▶ **2 fotos**
- ▶ Fotocopia **DNI**, ou NIE no caso de estranxeiros (non será válido o pasaporte)
- ▶ Alumnado **menor de 16 anos** a 31 de decembro de 2016, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obligatoria no curso escolar 2015/2016, expedido polo centro onde estea matriculado consonte o modelo do **Anexo V**.
- ▶ No caso dun alumno novo procedente doutra EOI, terá que aportar unha **certificación académica** da EOI de orixe

ALUMNOS C1

- ▶ ¿Es alumno **novo** ou **antigo**? Ver documentación necesaria.
- ▶ Alumnado **que se matricule en C1**, unha fotocopia cotexada do certificado do nivel inferior das ensinanzas de idiomas de réxime especial do idioma correspondente, ou, no caso do idioma inglés, do certificado acreditativo da validación do Certificate of Proficiency emitido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- ▶ De ter superado os estudos e non dispor aínda do certificado, deberá presentar unha certificación académica expedida pola EOI correspondente, acompañada do xustificante de ter aboados os prezos públicos para a súa expedición.

***Nota 1**

- **Membros de familia numerosa:** fotocopia compulsada do Libro de Familia Numerosa actualizada. A compulsada pódese facer na Escola Oficial de Idiomas, presentando o orixinal xunto á fotocopia.
- **Funcionarios docentes** (excepto de Universidade): Certificación actualizada. A gratuidade pode aplicarse unicamente nas materias de nova matriculación (Decreto 89/2013, do 13 de xuño. DOG 17/06/2013).
- No caso de **discapacidade** (igual ou superior ao 33%) deberase achegar documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, cubrir o formulario facilitado pola EOI (anexo IX da Orde de 8 de setembro de 2008, de avaliación).
- **Vítimas de actos terroristas.** A acreditación deberase realizar documentalmente.
- **Violencia de xénero.** Quedan exentos os alumnos/as que sufran violencia de xénero. Tamén quedarán exentos/as no caso de que sexan os seus proxenitores os que a sufran. Deberase acreditar documentalmente.